

# XANTAR no Expourense



## Os Arroases

### Terceiro e cuarto A-B



Os Arroases son unha cuadrilla de 7 nenos e nenas que coñecen moi ben a importancia para comer pescado.

Cada un deles ten un "superpoder" unido a cada unha das especies (sardiña, xarelo, rodaballo, mexillón, troita, lirio, pescada). Os Arroases detectaron desde hai un tempo que a outros nenos e nenas non lles gusta moito o peixe e están dispostos a facer que as cousas cambien. Os seus superpoderes poden ser compartidos por todos eles! Para iso ponse en contacto cun pescador, Luís, e cunha coqueira, Dona Mariña. Coa súa axuda, teñen a importante misión de facer chegar a súa mensaxe a todos os nenos.




Luís pesca coa rede dous bos "peixes". Logo xogamos todos a un divertido e interesante xogo para ver todo o que aprendemos na charla.



# ENCONTRO CO AUTOR

## Héctor Cajaraville



O pasado mércores, 5 de febreiro, os cursos de 5ºA e 5ºB, fomos ao Liceo de Ourense a encontrarnos co autor do libro que estivemos lendo no segundo trimestre, e que levaba por título "Kusuma".

O autor chamábase Héctor Cajaraville. Héctor falounos do libro, en qué se inspirou para escribi-lo, por qué lles puxo eses nomes en concreto ás diferentes personaxes, por qué os protagonistas tiñan que ser animais... Tamén nos contou cando empezou a escribir, cuántos libros tiña e para quen escribe (para os maiores e para os nenos).

Despois de falarnos, fomos nós os que lle fixemos preguntas sobre o libro. Por último, comezou a poñer as sinaturas nos nosos libros, e algúns nenos e nenas entregáronlle uns debuxos como agasallo.

A verdade é que foi unha experiencia moi divertida, diferente e para repetir!!!

5º B

